

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE FONTE DÍAZ
CURSO: 5º E. PRIMARIA
MATERIA: Lingua estranxeira; Inglés

MARÍA ASUNCIÓN ALLER ALAMANCOS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

| | |
|--|----------|
| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | 3 |
| 2. Avaliación e cualificación..... | 7 |
| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | 7 |
| 4. Información e publicidade | 8 |

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

En canto ás competencias cabe dicir que dada a situación que estamos vivindo a competencia dixital así como a competencia de aprender a aprender son as máis potencias de por sí.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|--|------------------------|
| B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe. | PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. | CL |
| B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis importante do texto. | PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital. | CL |
| B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | CL AA |

Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|--|--|------------------------|
| B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (<i>and/or/then/but</i>). | PLEB2.1.Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CL |
| B2.3. Valorara lingua estranxeiras como instrumento de comunicación. | PLEB2.3.Amosa unha actitude de escoita atenta. | CL SC |
| B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | PLEB2.4.Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia. | CL SC |

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|--|---|--------------|
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1.Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | CL |
| B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | PLEB3.2.Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. | CL |

Bloque 4. Producción de textos escritos

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaje | Competencias |
|--|---|------------------|
| B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simple silladas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situación familiares e predicibles. | PLEB4.1.Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | CL |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2.Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. | CL |
| B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentación e transmitir información. | PLEB4.3.Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos). | CL |
| B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | PLEB4.4.Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. | CL AA |
| | PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, bandas deseñadas o descrições de lugares, gustos ou afeccións). | |

Bloque 5. Conocimiento de la lengua y conciencia intercultural

| Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|--|--------------------------|
| B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente | SC |
| B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | CL SC |
| B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situación de aprendizaxe en grupo. | PLEB5.3. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CL SIEE |
| B5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situación comunicativas habituais. | PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación... | CL |
| B5.6. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa.... | PLEB5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer... | CL |
| B5.10. Expresa e comprende indicacións e ordes. | PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | CL |
| B5.13. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | |

2. Avaliación e cualificación

| | |
|----------------------------|--|
| Avaliación | A Avaliación realizarase a través do análise e valoración das tarefas entregadas polo alumnado en resposta as actividades propostas a través de Google Classroom e nas videoconferencias semanas. |
| Cualificación final | Considerando: "A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado" *Media aritmética das dúas primeiras avaliacións contando positivamente, se é o caso, as tarefas desenvolvidas neste terceiro trimestre. |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|--|
| Actividades | As tarefas que estamos a realizar neste 3º trimestre son de repaso das 4 unidades traballadas nos dous primeiros trimestres. Tratando de ampliar contidos xa traballados e incluso facendo tarefas de recuperación nos casos que así o precisan. <ul style="list-style-type: none">- Dende as limitacións que pode conlevar a ensinanza dunha lingua na distancia estamos a aproveitar todos os recursos dos que dispoñemos na rede e das aplicacións necesarias para poder levar a cabo producións orais, aínda que as limitacións tecnolóxicas fan que traballemos en gran medida a través de recursos escritos. |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade): | Todo o alumnado ten conectividade en mellor ou peor media, refírome a que algúns discentes só dispoñen dun dispositivo móbil para conectarse, outros tamén dispoñen de tablets ou ordenadores con conexión, polo que procuramos que a comunicación bidireccional entre docentes e familia sexa o máis clara e sinxela posible a través dunha vía común para todo profesorado que imparte clases nun curso, a través da aula virtual de Google Classroom creada para tal fin. A través desta aula virtual enviamos os traballos tanto a nivel grupal como a nivel individual, no caso que ser necesario. Permítenos unha secuenciación temporal dos mesmos tendo o conta o total das áreas, xa que a coordinación entre todo o profesorado é fundamental para non saturar aos discentes nin ás familias, as cales xogan un papel moi importante de axuda neste momento. Así mesmo por esta vía e tamén a través do email recibimos os traballos realizamos e respondemos ás cuestións e dúbidas |

| | |
|-----------------------------|---|
| | <p>que van xurdindo así como os problemas técnicos. Unha vez recibidos correximos posibles erros e completamos o proceso de aprendizaxe dun xeito complexo pero efectivo na medida do posible.</p> <p>Finalmente seguimos reforzando positivamente o seu traballo e esforzo diario.</p> <p>Empregamos tamén a plataforma snappet para o traballo de repaso de tarefas presentadas na aula. Ofrece un feedback automático e permite a secuenciación de tarefas. Tamén inclúe un servizo de chat para a comunicación entre o alumnado e o profesorado.</p> <p>Unha vez á semana organizamos unha conexión por videoconferencia a través de Cisco Webex Meeting na cal a auxiliar de conversa e máis eu contactamos co alumnado. Nesta videoconferencia aclaramos dúbidas grupais e realizamos tarefas orais nas cales tratamos sobre todo de motivar ao alumnado nunha situación complexa como é a que estamos a vivir. Debo dicir que a participación a pesar das dificultades técnicas que xurden cada día é moi alta xa que se conectan entre o 80 e o 90% do alumnado, polo que completamos así unha metodoloxía participativa e activa por parte do alumnado. Este método resulta moi positivo tendo en conta as dificultades varias coas que nos atopamos a diario.</p> |
| Materiais e recursos | <ul style="list-style-type: none"> - Google classroom - Plataformas de recursos interactivos - Vídeos explicativos personalizados - Formularios online - Xogos interactivos - Snappet: plataforma de tarefas interactivas e con feedback automático así como un servizo de chat para a consulta de dúbidas e a comunicación en xeral entre alumnado e profesorado. - Videoconferencia a través de Cisco Webex Meeting: Clase oral |

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | <p>Comunicación bidireccional a través dos seguintes medios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Notas informativas por abalamobil - Páxina Web do Centro - Google Classroom - Videoconferencia (se fai falla chámase por teléfono) - Email - Snappet: plataforma de tarefas interactivas e con feedback automático así como un servizo de chat para a consulta de dúbidas e a comunicación en xeral entre alumnado e profesorado. - Nos casos que é necesario, chamada telefónica para explicar como imos traballando e axudar a conectarse a Google Classroom, cómo enviar ás respostas e traballos realizados e cómo conectarse ás videoconferencias. |
| Publicidade | Na páxina web do centro |

